

2. Para impor ata a de suspensión, o fiscal xeral do Estado.

3. Para impo-la de separación do servicio, o ministro de Xustiza, por proposta do fiscal xeral do Estado, logo de informe favorable do Consello Fiscal.

As resolucións do fiscal xefe serán susceptibles de recurso ante o Consello Fiscal.

As resolucións do fiscal xeral do Estado serán susceptibles de recurso enalzada ante o ministro de Xustiza.

As resolucións do Consello Fiscal e do ministro de Xustiza que esgoten a vía administrativa serán susceptibles do recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente da Audiencia Nacional.»

Disposición transitoria primeira.

Á entrada en vigor desta lei finalizará o mandato de todos aqueles fiscais xefes que levaran desempeñando a xefatura por máis de cinco anos.

As prazas resultantes serán ofrecidas para a súa cobertura nos termos previstos nesta lei, podendo concorrer a este e optar a un novo mandato aqueles fiscais xefes que resultasen afectados por esta disposición.

Os fiscais xefes nomeados con anterioridade á entrada en vigor desta lei que non desempeñasen a xefatura por máis de cinco anos finalizarán o seu mandato no momento en que se cumpra o dito prazo computado desde a data do seu nomeamento.

Os fiscais xefes afectados por esta disposición continuarán desempeñando as súas funcións en tanto non se produzan os novos nomeamentos.

Disposición transitoria segunda.

Os vocais electos do Consello Fiscal continuarán no desempeño da súa función ata a expiración do seu actual mandato, tralo cal se procederá á elección dun novo Consello Fiscal de acordo co establecido nesta lei.

Disposición derogatoria única.

Queda derogado o parágrafo tres do artigo 37 da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

Disposición derradeira primeira.

O Goberno, no prazo de seis meses, procederá a dicta-lo regulamento de desenvolvemento do estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, modificado por esta lei.

Disposición derradeira segunda.

Esta lei entrará en vigor ós trinta días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 26 de maio de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

10524 LEI 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal. («BOE» 126, do 27-5-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O Pacto de Estado para a reforma da Xustiza, asinado o 31 de maio de 2001, iniciou un ambicioso programa lexislativo presidido polo obxectivo de moderniza-la Administración de Xustiza española e alcanzar un alto nivel de calidade na prestación dun servicio público fundamental para a convivencia e a protección dos dereitos dos cidadáns, o funcionamento áxil e eficaz do cal resulta imprescindible para a realización do Estado de dereito consagrado no artigo 1.1 da Constitución.

A realización da tutela xudicial efectiva dos dereitos e intereses lexítimos dos cidadáns constitúe unha función pública de transcendental importancia encomendada polo artigo 117 da Constitución ós xuíces e maxistrados, que aparecen así como uns servidores do Estado cun estatuto xurídico que debe garanti-lo principio de independencia en tódalas súas dimensións. A regulación do réxime retributivo dos membros da carreira xudicial preséntase deste modo, de acordo co artigo 403 da Lei orgánica do Poder Xudicial, como un elemento configurador da súa independencia económica, o que impón non só a súa regulación mediante unha lei especial senón unha especial atención no tratamento desta materia, á altura da súa alta función de vulgar e facer executa-lo xulgado. Esta regulación e tratamento deben ser extensivos ós membros da carreira fiscal, consonte o establecido no seu estatuto orgánico, en atención á relevancia das súas funcións e da institución á que serven.

O amplo consenso social existente acerca da necesidade de acometer sen demora o proceso de modernización da nosa Administración de Xustiza esixe supera-lo sistema retributivo actualmente vixente, sen dúbida insuficiente nas súas contías, pero tamén inxustificadamente rixido e orfo de elementos adecuados para ponderar con equidade o rendemento individual dos xuíces, maxistrados e fiscais e servir de incentivo á dedicación profesional e á calidade na prestación do servicio.

O compromiso pendente desde 1985 de elaborar unha lei especial de retribucións dos membros da carreira xudicial ten que abordarse hoxe no marco dunha realidade social cada vez máis moderna e avanzada cunha crecente demanda de servicios públicos de calidade homologables ós que reciben o resto dos cidadáns da Unión Europea. Por esta razón, o novo sistema que define esta lei debe perseguir obxectivos verdadeiramente ambiciosos como o estímulo ó esforzo, a vertebración da carreira xudicial, a asunción de responsabilidades e o incentivo á formación e á especialización.

Para o cumprimento destes obxectivos, o novo réxime de retribucións inspírase nos principios de obxectividade, equidade, transparencia e estabilidade. A obxectividade acádase nesta materia facendo depende-la retribución dun conxunto de parámetros medibles, comparables e legalmente determinados. A equidade esixe, pola súa parte, que a remuneración de xuíces, maxistrados e fis-

cais sexa expresiva da dedicación, responsabilidade, categoría e rendemento individual no desempeño das funcións xurisdiccionais e fiscais. Finalmente, a transparencia do sistema retributivo debe garantirse a través de procedementos e instrumentos técnicos que aseguren o seguimento actualizado e rigoroso da actividade dos órganos xurisdiccionais e a súa conexión cos niveis retributivos, o que constitúe ó mesmo tempo unha peza fundamental para facer posible unha adecuada planificación das políticas públicas encamiñadas a mellora-lo funcionamento da Administración de Xustiza.

II

Esta lei desenvolve o mandato asumido polo lexislador en 1985 e regula o réxime retributivo da carreira xudicial a través dun sistema sumamente innovador en moitos aspectos respecto ó réxime aplicable ó resto dos servidores do Estado. Deste modo, as retribucións dos xuíces e maxistrados estarán integradas, con carácter xeral, por un compoñente fixo e outro variable por obxectivos, do que os seus elementos de cuantificación se regulan detalladamente na lei.

As retribucións fixas, ás que se dedica o capítulo II, aparecen estruturadas en dúas categorías: retribucións básicas e retribucións complementarias. As retribucións básicas están formadas polo soldo e a antigüidade, as cales reflicten obxectivamente a categoría dentro da carreira xudicial e o incremento proporcional sucesivo sobre o soldo inicial, fixado nun cinco por cento por trienio.

Como retribucións complementarias a lei recolle o complemento de destino e o complemento específico. O complemento de destino acolle o criterio poboacional combinado coas condicións obxectivas de representación vinculadas ó cargo desempeñado e outras circunstancias asociadas ó destino. O complemento específico remunera as condicións especiais de determinadas prazas afectadas por unha singular responsabilidade, complexidade ou penosidade.

A lei incorpora un dos seus elementos máis novidosos na regulación das retribucións variables por obxectivos; a súa disciplina establécese no capítulo III. Este segundo compoñente da remuneración dos membros da carreira xudicial atende especificamente ó rendemento individual acreditado por cada xuíz ou maxistrado. Un sistema retributivo xusto non pode ser indiferente ó cumprimento especialmente eficaz das obrigas profesionais e á axilidade no despacho dos asuntos, parámetros ambos que poñen de manifesto o grao de satisfacción da demanda social de calidade na prestación de servizos públicos.

Este compoñente esixe determinar, en primeiro termo, os obxectivos asignados a cada destino da carreira xudicial, ben a través do sistema de módulos de dedicación actualmente vixente, ben mediante outros criterios técnicos que poidan ser deseñados no futuro polo Consello Xeral do Poder Xudicial, logo de informe favorable do Ministerio de Xustiza. Ó órgano de goberno de xuíces e maxistrados correspóndelle remitir semestralmente ó Ministerio de Xustiza unha certificación relativa ó cumprimento de tales obxectivos polos membros da carreira xudicial, o cal garante a independencia reclamada pola singular posición constitucional dos titulares do Poder Xudicial.

A retribución variable opera modulando a contía das retribucións fixas en paralelo rendemento ó acreditado no anterior semestre. Cando os titulares dun órgano xurisdiccional alcancen un rendemento individual especialmente notable, cifrado na superación nun 20 por cento do obxectivo asignado ó destino, producirase un incremento comprendido entre o cinco e o 10 por cento da retribución fixa. Naqueles casos en que o rendemento

individual sexa insuficiente, por causas directamente imputables ó xuíz ou maxistrado, e non alcance o 80 por cento do obxectivo do seu destino, a retribución fixa verase automaticamente minorada nun cinco por cento da súa contía.

Co propósito de atender de forma regrada a problemática que presente a acumulación de asuntos en órganos xurisdiccionais concretos ou a necesidade de acometer plans especiais para a axilización da Administración de Xustiza, o artigo 11 outorga carta de natureza ós actuais programas de actuación por obxectivos, que requirirán, en todo caso, a autorización do Ministerio de Xustiza logo de constatación da existencia de recursos orzamentarios suficientes para o seu financiamento.

O capítulo IV da lei recolle como retribucións especiais as que corresponden ó desempeño de servizos de garda e as que derivan da prestación de servizos extraordinarios sen relevación de funcións xurisdiccionais, sendo en ámbolos casos compatibles cos restantes conceptos retributivos regulados na lei e axustándose no seu devengo e contía á regulación regulamentaria que aprobe o Goberno.

A adaptación do novo sistema retributivo á carreira fiscal realízase con automatismo no que se refire ós capítulos I, II e IV do título I da lei, con anexos específicos, dando así cumprimento ó mandato contido no artigo 33 do seu estatuto orgánico. Sen embargo, a singularidade da carreira fiscal respecto da xudicial esixe que a determinación dos criterios de distribución do complemento variable e as súas contías sexa realizada mediante real decreto consonte principios análogos ós establecidos para a carreira xudicial nesta lei.

O obxectivo xeral de transparencia proclamado na Carta de Dereitos dos Cidadáns ante a Xustiza, recentemente aprobada polo Congreso dos Deputados, artículase a través dun instrumento técnico que constitúe unha destacada novidade no noso ordenamento xurídico, obediente ó firme propósito de desterrar definitivamente a opacidade informativa que dificulta o seguimento da actividade xurisdiccional. A través do Plan de transparencia xudicial, as Cortes Xerais, o Goberno, as comunidades autónomas, o Consello Xeral do Poder Xudicial e os propios cidadáns terán ó seu dispor unha ferramenta de información continua, rigorosa e contrastada acerca da actividade e a carga de traballo de tódolos órganos xurisdiccionais do Estado, o que permite o tratamento estatístico e a súa aplicación en todo tipo de procesos de planificación e modernización da Administración de Xustiza, enlazando así cun dos grandes eixes programáticos do Pacto de Estado no que se fundamenta esta lei.

Finalmente, de conformidade co establecido no punto décimo do Pacto de Estado, o corpo de secretarios xudiciais será obxecto dunha importante potenciación das súas funcións, incrementando as súas responsabilidades e ampliando as súas competencias, o que comporta a encomenda ó Goberno da elaboración dun real decreto regulador do seu réxime retributivo, adaptado ós principios e conceptos contidos nesta lei e nos seus anexos.

TÍTULO I

Das retribucións da carreira xudicial

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación da lei.*

1. Esta lei ten por obxecto garanti-la independencia económica dos membros da carreira xudicial mediante

un sistema retributivo obxectivo, equitativo, transparente e estable que recoñeza adecuadamente a responsabilidade e dedicación de xuíces e maxistrados, así como o seu rendemento individual no desempeño das funcións xurisdiccionais.

2. Os membros da carreira xudicial non percibirán outras retribucións polo exercicio das súas funcións xurisdiccionais que as establecidas nesta lei.

3. Os membros da carreira xudicial con categoría de maxistrado do Tribunal Supremo percibirán as retribucións que sexan fixadas anualmente pola Lei de orzamentos xerais do Estado.

Artigo 2. *Conceptos retributivos.*

1. As retribucións dos membros da carreira xudicial constarán dun compoñente fixo e outro variable por obxectivos, determinados ambos consonte esta lei.

2. As retribucións fixas remuneran a categoría e antigüidade na carreira xudicial de cada un dos seus membros, así como as características obxectivas das prazas que ocupan.

3. As retribucións variables por obxectivos, que en ningún caso son consolidables, remuneran, conforme criterios transparentes que regulamentariamente se establezan, o rendemento individual dos xuíces e maxistrados no desempeño das súas funcións xurisdiccionais e profesionais.

4. Ademais das retribucións a que se refiren os puntos anteriores e compatibles con estas, remuneraranse mediante unha retribución especial o desempeño ou prestación de determinados servizos, de acordo coas previsións contidas no capítulo IV desta lei.

CAPÍTULO II

Das retribucións fixas

Artigo 3. *Contido das retribucións fixas.*

1. As retribucións fixas dos membros da carreira xudicial descompóñense en retribucións básicas e retribucións complementarias.

2. Son retribucións básicas:

- a) O soldo.
- b) A antigüidade.

3. Son retribucións complementarias:

- a) O complemento de destino.
- b) O complemento específico.

Artigo 4. *Retribucións básicas.*

1. Mediante o soldo remunérase a categoría que se ten dentro da carreira xudicial. A contía do soldo para cada categoría é a establecida no anexo I desta lei.

2. A antigüidade remunerarase mediante un incremento sucesivo do cinco por cento do soldo inicial correspondente á categoría de ingreso por cada tres anos en servizo activo ou naquelas outras situacións administrativas nas que se recoñeza o tempo para estes efectos.

No caso de que os membros da carreira xudicial tivesen prestado servizos previamente noutras carreiras ou corpos de funcionarios terán dereito a seguir percibindo, por este concepto retributivo, as cantidades correspondentes á antigüidade acreditada nestes.

A fracción ou tempo inferior a un trienio considerarase para estes efectos como tempo de servizos prestados no corpo ou na carreira de última incorporación.

3. Os maxistrados e xuíces terán dereito a percibir dúas pagas extraordinarias ó ano, por importe cada unha

delas igual a unha mensualidade de soldo e antigüidade recoñecidos, e, se é o caso, unha cantidade proporcional ó complemento de destino nos termos que se fixen por lei para o conxunto do sector público estatal, que se farán efectivas os meses de xuño e decembro, sempre que os perceptores estivesen en servizo activo ou con dereito a devengo do soldo o día primeiro dos meses indicados.

Artigo 5. *Complemento de destino.*

1. O complemento de destino correspondente a cada praza de xuíz ou maxistrado cuantificaranse en atención ós seguintes criterios:

- a) O grupo de poboación no que se integra.
- b) As condicións obxectivas de representación vinculadas ó cargo desempeñado, e
- c) Outras circunstancias especiais asociadas ó destino.

2. As contías do complemento de destino para cada praza de xuíz ou maxistrado recóllense no anexo II desta lei.

Artigo 6. *Complemento específico.*

1. As prazas desempeñadas por xuíces e maxistrados poderanse dotar cun complemento específico mediante o cal se remunerare a súa especial responsabilidade, especial formación, complexidade ou penosidade.

2. As prazas dotadas con complemento específico e a súa contía enuméranse no anexo III.

CAPÍTULO III

Retribucións variables por obxectivos

Artigo 7. *Contido das retribucións variables por obxectivos.*

As retribucións variables por obxectivos estarán vinculadas ó rendemento individual acreditado por cada xuíz ou maxistrado no desempeño das súas funcións xurisdiccionais e profesionais.

Artigo 8. *Determinación dos obxectivos.*

1. O obxectivo para cada destino na carreira xudicial será fixado polo Consello Xeral do Poder Xudicial en función de módulos de dedicación ou doutros criterios técnicos que estime convenientes. Cando a fixación dos obxectivos ou a súa modificación poida afectar as retribucións variables ós que se refire o artigo anterior, o acordo que o aprobe deberá contar con informe favorable do Ministerio de Xustiza. Se esta modificación tiver repercusión orzamentaria, deberá recibilo informe favorable do Ministerio de Facenda. Os acordos adoptados nesta materia e as súas modificacións publicaranse no «Boletín Oficial del Estado».

2. Para os efectos establecidos neste título, o Consello Xeral do Poder Xudicial remitirá ó Ministerio de Xustiza, antes do día 15 dos meses de xaneiro e xullo, certificación relativa ó cumprimento polos membros da carreira xudicial dos obxectivos a que se refire o punto anterior.

Artigo 9. *Cuantificación da retribución variable.*

1. Os xuíces e maxistrados que no semestre inmediatamente anterior superasen nun 20 por cento o obxectivo correspondente ó seu destino terán dereito a percibir

un incremento non inferior ó cinco por cento nin superior ó 10 por cento das súas retribucións fixas.

2. Os xuíces e maxistrados que no semestre inmediatamente anterior non alcancen, por causas que lles sexan atribuíbles, o 80 por cento do obxectivo correspondente ó seu destino percibirán as súas retribucións fixas minoradas nun cinco por cento, logo de expediente contradictorio que lle corresponderá regular, tramitar e resolver ó Consello Xeral do Poder Xudicial.

3. O crédito total destinado en cada exercicio orzamentario ás retribucións variables, a que se refire o punto 1, non poderá superar en ningún caso o cinco por cento da contía global das retribucións fixas dos membros da carreira xudicial.

O crédito destinado ás retribucións variables distribuirase proporcionalmente, dentro dos límites porcentuais fixados, entre os que se atopan no suposto establecido no punto 1.

Artigo 10. *Cambios de destino.*

Nos supostos de cambio de destino o Consello Xeral do Poder Xudicial realizará unha estimación ponderada do rendemento individual do xuíz ou maxistrado nos destinos ocupados no semestre inmediatamente anterior para efectos de calculalo cumprimento dos obxectivos asignados a estes.

Artigo 11. *Programas de actuación por obxectivos.*

1. Cando o volume de asuntos pendentes nun órgano xurisdiccional ou outras circunstancias aconsellen establecer un programa de actuación por obxectivos, este fixará o seu obxecto, o ámbito de aplicación, a duración e os resultados que deberá obter.

2. A aprobación dun programa de actuación por obxectivos requirirá autorización do Ministerio de Xustiza, logo de constatación da existencia de recursos orzamentarios suficientes para atende-lo seu financiamento.

CAPÍTULO IV

Retribucións especiais

Artigo 12. *Retribucións especiais.*

1. Teñen a condición de retribucións especiais:

- As correspondentes ó desempeño de servicios de garda.
- As derivadas da prestación de servicios extraordinarios sen relevación de funcións xurisdiccionais.
- As correspondentes ás substitucións que impliquen o desempeño conxunto doutra función.

2. As retribucións especiais serán compatibles con tódolos conceptos retributivos regulados nos artigos anteriores.

3. Os requisitos destas retribucións, o seu devengo e a súa contía serán regulados regulamentariamente polo Goberno.

TÍTULO II

Das retribucións da carreira fiscal

Artigo 13. *Retribucións dos membros da carreira fiscal.*

1. Os membros da carreira fiscal serán retribuídos consonte o establecido nos capítulos I, II e IV do título I desta lei. As contías das retribucións básicas e dos complementos de destino e específico determínanse nos anexos IV, V e VI desta lei.

2. Os membros da carreira fiscal terán dereito a percibir un complemento variable por obxectivos compatible coas retribucións referidas no punto anterior, destinado a remunerar-lo rendemento e a actividade extraordinaria dos fiscais. A contía global deste complemento non poderá exceder da porcentaxe sobre o resto das retribucións que establezan os orzamentos xerais do Estado.

TÍTULO III

Transparencia xudicial

Artigo 14. *Plan de transparencia xudicial.*

1. O Plan de transparencia xudicial constitúe unha ferramenta básica das administracións públicas e do Consello Xeral do Poder Xudicial para a planificación, desenvolvemento e execución das políticas públicas relativas á Administración de Xustiza, e, en particular, para as seguintes finalidades:

- O desenvolvemento do programa legislativo do Estado en materia procesual.
- A planificación orzamentaria en materia de retribucións dos membros da carreira xudicial, así como sobre os recursos humanos e materiais ó servicio da Administración de Xustiza.
- A actualización e modificación da organización xudicial.
- O funcionamento dos servicios de inspección sobre os xulgados e tribunais.

2. O Plan de transparencia xudicial asegurará a dispoñibilidade permanente polas Cortes Xerais, o Goberno, o Consello Xeral do Poder Xudicial e as comunidades autónomas de información actualizada, rigorosa e debidamente contrastada sobre a actividade e a carga de traballo de tódolos órganos xurisdiccionais de España, así como sobre as características estatísticas dos asuntos sometidos ó seu coñecemento.

3. O Plan de transparencia xudicial facilitará a obtención, tratamento e transmisión dos datos estatísticos a través de tecnoloxías da información avanzadas.

4. O Plan de transparencia xudicial será aprobado polo Goberno, por proposta do Ministerio de Xustiza, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, do fiscal xeral do Estado e das comunidades autónomas que asumisen o traspaso de funcións e servicios para a provisión de medios persoais e materiais en materia de xustiza.

Disposición adicional primeira.

1. As contías fixadas nos anexos desta lei actualizaranse de acordo cos incrementos retributivos anuais que proceda aplicar ós membros das carreiras xudicial e fiscal de acordo co establecido nos orzamentos xerais do Estado para o conxunto do sector público estatal a partir do exercicio económico 2003.

2. Os grupos de poboación previstos nos anexos desta lei poderanse actualizar mediante real decreto coas cifras de poboación resultantes da revisión do padrón municipal declarados oficiais polo Goberno.

3. Sen prexuízo do anterior, co obxecto de facilitar a adecuación periódica das retribucións dos membros das carreiras xudicial e fiscal para os fins establecidos nesta lei, constituirase unha comisión formada por tres representantes do Ministerio de Xustiza e tres do Ministerio de Facenda, designados polos titulares dos departamentos respectivos, e tres representantes do Consello Xeral do Poder Xudicial, designados polo Pleno deste, e un representante da Fiscalía Xeral do Estado. Así mesmo,

participarán neste órgano tres representantes das asociacións profesionais das carreiras xudicial e fiscal. A comisión reunirse quincenalmente co obxecto de lle elevar ó Goberno, a través do Ministerio de Xustiza, propostas de revisión das retribucións adecuadas ós principios contidos nesta lei.

Disposición adicional segunda.

Os xuíces, maxistrados e fiscais, sen prexuízo do seu réxime xurídico singular, terán dereito a percibi-las indemnizacións que se establecen para o persoal ó servizo da Administración do Estado, que teñan por obxecto resarcilos dos gastos que se vexan precisados a realizar por mor do servizo ou os traslados de destino.

Disposición adicional terceira.

Os membros das carreiras xudicial e fiscal terán dereito a percibir un complemento familiar nas mesmas condicións e contías cás establecidas para os funcionarios da Administración do Estado.

Disposición adicional cuarta.

Os xuíces en expectativa de destino ós que se refire o artigo 308 da Lei orgánica do Poder Xudicial percibirán con cargo ós orzamentos do Ministerio de Xustiza as retribucións básicas correspondentes á categoría de xuíz e as retribucións complementarias correspondentes ó posto de destino ocupado, unha vez que sexan chamados para o exercicio das funcións ás que se refiren os artigos 212.2 e 216 bis da Lei orgánica do Poder Xudicial.

Mentres permanezan adscritos ó Consello Xeral do Poder Xudicial, sen chamamento ó exercicio das referidas funcións xurisdiccionais, percibirán as devanditas retribucións básicas e complementarias con cargo ós orzamentos do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Disposición adicional quinta.

Os membros da carreira xudicial e fiscal de Ceuta, Melilla e illas do arquipélago canario, excepto Tenerife e Gran Canaria, terán dereito a percibi-los incrementos anuais por trienio reconecido, previstos en concepto de indemnización por residencia, para o sector público estatal. O resto das contías que ata o momento se viñan percibindo por este concepto quedan integradas no complemento de destino por circunstancias especiais previsto no artigo 5 desta lei.

A revisión das indemnizacións por residencia do persoal en activo do sector público estatal dará lugar á correspondente actualización polo Goberno das contías que perciban os membros da carreira xudicial e fiscal por circunstancias especiais asociadas ó destino.

Disposición adicional sexta.

Os maxistrados destinados en seccións desprazadas dunha Audiencia Provincial percibirán o complemento de destino en concepto de poboación correspondente ó resto de maxistrados destinados na sede da Audiencia Provincial.

Disposición transitoria primeira.

1. A partir do día 1 de outubro de 2002 os membros das carreiras xudicial e fiscal incluídos no seu ámbito

de aplicación devengarán o 20 por cento da diferenza entre as retribucións fixas e complementarias que corresponden ó seu destino, por aplicación do novo réxime retributivo, e as que devengaban por el, de acordo co previsto no Real decreto 391/1989, do 21 de abril.

2. Desde o 1 de outubro de 2003, devengarán o 70 por cento da diferenza referida no punto anterior.

3. O devengo da totalidade das retribucións complementarias previstas nesta lei producirase a partir do 1 de xaneiro de 2004.

4. O disposto nos anteriores puntos entenderase sen prexuízo dos incrementos retributivos anuais que proceda aplicar ós membros das carreiras xudicial e fiscal de acordo co establecido nos orzamentos xerais do Estado para o conxunto do sector público estatal.

Disposición transitoria segunda.

O compoñente retributivo variable por obxectivos regulado no capítulo III desta lei será efectivo a partir do 1 de xaneiro de 2004, aplicándose en referencia ós obxectivos alcanzados durante o ano inmediatamente anterior.

Disposición transitoria terceira.

Entrementres non se dicten novas normas reguladoras, a retribución correspondente á actuación accidental ou esporádica en cargo retribuído nas carreiras xudicial e fiscal en concepto de suplencias, as substitucións que impliquen o desempeño conxunto doutra función, a realización de funcións alleas ás propias do posto de traballo, a participación en programas concretos de actuación e a realización de servizos de garda nas súas distintas modalidades continuará rexéndose polo disposto no Real decreto 391/1989, do 21 de abril, e nas ordes ministeriais polas que se regula a contía do complemento de destino por servizos de garda.

Disposición transitoria cuarta.

1. Os fiscais e os avogados fiscais que, antes da entrada en vigor do Real decreto 1908/2000, do 24 de novembro, que modificou a estrutura dos grupos de poboación, estivesen destinados en localidades correspondentes ó grupo sétimo de poboación e seguisen destinados en localidades pertencentes a ese mesmo grupo no momento da entrada en vigor desta lei, percibirán un complemento persoal transitorio entrementres non obteñan un novo destino na carreira fiscal. A contía do devandito complemento establécese no anexo V.4.

2. Os fiscais e os avogados fiscais que, antes da entrada en vigor do Real decreto 1908/2000, do 24 de novembro, que modificou a estrutura dos grupos de poboación, estivesen destinados en localidades correspondentes ó grupo oitavo de poboación e seguisen destinados nas mesmas localidades no momento da entrada en vigor desta lei, percibirán un complemento transitorio entrementres non obteñan un novo destino na carreira fiscal. A contía do devandito complemento establécese no anexo V.4.

Disposición transitoria quinta.

Os maxistrados de órganos unipersoais e os fiscais de segunda categoría distintos dos fiscais xefes e tenentes fiscais de audiencias provinciais e dos fiscais coordinadores, que conforme o Real decreto 391/1989, do 21 de abril, estivesen destinados en localidades correspondentes ó grupo cinco e queden integrados no grupo

cuarto de poboación previsto nos anexos II.1 e V.1 desta lei, percibirán un complemento persoal e transitorio entremetres non obteñan novo destino. A contía do devandito complemento establécese nos anexos II.4 e V.5.

Disposición transitoria sexta.

Os xuíces e maxistrados que perciban retribucións como consecuencia da súa participación en programas concretos de actuación no seu propio órgano xudicial durante o último semestre de 2003 non poderán percibir a retribución variable prevista no artigo 9.1 desta lei polo cumprimento de obxectivos correspondentes ó devandito semestre.

Disposición transitoria sétima.

Esta lei non suporá en ningún caso mingua das retribucións actualmente percibidas polos membros da carreira xudicial e fiscal, que manterán a título persoal e con carácter transitorio as retribucións a que tivesen dereito consonte a normativa anterior mentres non obteñan novo destino.

Disposición derogatoria única.

Queda derogada a Lei 17/1980, do 24 de abril, nos preceptos que regulan as retribucións de membros do Poder Xudicial e do Ministerio Fiscal, así como todas aquelas disposicións que se opoñan ou contradigan o previsto nesta.

Disposición derradeira primeira.

A cuantificación das retribucións contida nos anexos desta lei poderá ser actualizada e modificada polo Goberno mediante real decreto, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Disposición derradeira segunda.

O Goberno, mediante real decreto, determinará a contía e os criterios de distribución do complemento previsto no artigo 13 conforme principios análogos ós establecidos para a carreira xudicial.

Disposición derradeira terceira.

No prazo de tres meses o Goberno regulará o novo réxime retributivo do corpo de secretarios xudiciais adecuado ós principios e conceptos retributivos recollidos nesta lei e nos seus anexos.

Disposición derradeira cuarta.

No prazo de seis meses o Goberno regulará a nova normativa correspondente ás retribucións que se mencionan na disposición transitoria terceira. As retribucións por servizos de garda regularanse mediante orde ministerial, por proposta conxunta dos ministerios de Xustiza e Facenda.

Disposición derradeira quinta.

A estrutura correspondente ó novo réxime retributivo do persoal ó servizo da Administración de Xustiza e a adecuación das súas contías fixarase atendendo ós principios e conceptos retributivos recollidos nesta lei.

Disposición derradeira sexta.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 26 de maio de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO I

Importe mensual de soldo dos membros da carreira xudicial

	Contía mensual en euros
Presidente da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo)	1.956,33
Presidente de sala da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo) ...	1.853,38
Presidente de Tribunal Superior de Xustiza. .	1.851,57
Maxistrado	1.645,84
Xuíz	1.440,11

ANEXO II.1

Grupos de poboación nos que se integran os membros da carreira xudicial

Localidade:

Grupo 1.

Madrid.

Barcelona.

Grupo 2.

Valencia.

Sevilla.

Zaragoza.

Málaga.

Murcia.

Palmas de Gran Canaria (Las).

Bilbao.

Palma de Mallorca.

Santa Cruz de Tenerife.

Grupo 3.

Valladolid.

Córdoba.

Vigo.

Alicante/Alacant.

Gijón.

Hospitalet de Llobregat (L').

Granada.

Coruña (A).

Vitoria-Gasteiz.

Badalona.

Oviedo.

Móstoles.

Elche/Elx.

Sabadell.

Santander.

Jerez de la Frontera.

Pamplona/Iruña.

Donostia-San Sebastián.

Cartagena.

Leganés.

Fuenlabrada.

Almería.

Terrasa.

Alcalá de Henares.
Burgos.
Salamanca.
Albacete.
Getafe.
Cádiz.
Alcorcón.
Huelva.
Logroño.
Cáceres.
Pontevedra.

Santiago de Compostela.
Castellón da Plana/Castelló.
Badajoz.
Grupo 4.
Resto de destinos correspondentes a órganos xudiciais servidos por maxistrados.
Grupo 5.
Destinos correspondentes a órganos xudiciais servidos por xuíces.

ANEXO II.2

Complemento de destino dos membros da carreira xudicial

	Contías mensuais en euros	
	Polo grupo de poboación	Por representación
Grupo 1:		
Presidente da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo)	2.501,74	2.569,64
Presidente de sala da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo)	2.501,74	1.328,18
Maxistrado da Audiencia Nacional	2.452,69	1.302,14
Maxistrados do Gabinete Técnico do Tribunal Supremo	2.452,69	1.302,14
Presidente de Tribunal Superior de Xustiza	2.452,69	1.302,14
Presidentes de sala e maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza	2.452,69	1.302,14
Presidentes e maxistrados de Audiencia Provincial	2.452,69	1.249,29
Xuíces centrais e maxistrados dos órganos unipersoais	2.452,69	720,98
Grupo 2:		
Presidente de Tribunal Superior de Xustiza	2.402,47	1.302,14
Presidentes de sala e maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza	2.094,96	1.302,14
Presidentes e maxistrados de Audiencia Provincial	2.094,96	1.249,29
Maxistrados dos órganos unipersoais	2.094,96	720,98
Grupo 3:		
Presidente de Tribunal Superior de Xustiza	2.354,42	1.302,14
Presidentes de sala e maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza	1.982,04	1.302,14
Presidentes e maxistrados de Audiencia Provincial	1.982,04	1.249,29
Maxistrados dos órganos unipersoais	1.982,04	720,98
Grupo 4:		
Presidentes e maxistrados de Audiencia Provincial	1.741,31	1.249,29
Maxistrados dos órganos unipersoais	1.741,31	720,98
Grupo 5:		
Xuíces	1.591,64	120,46

ANEXO II.3

Complemento de destino nos membros

da carreira xudicial por circunstancias especiais

	Contías mensuais en euros por circunstancias especiais
Membros da carreira xudicial destinados no País Vasco e Navarra	451,67
Membros da carreira xudicial destinados en Gran Canaria e Tenerife	148,86
Membros da carreira xudicial destinados noutras illas do arquipélago canario	484,08

Contías mensuais en euros por circunstancias especiais

Membros da carreira xudicial destinados nas Illes Balears e Val de Arán	72,64
Membros da carreira xudicial destinados en Ceuta e Melilla	642,24

ANEXO II.4

Complemento de destino transitorio dos membros da carreira xudicial pola disposición transitoria quinta

	Contía mensual en euros
Maxistrados incluídos na disposición transitoria quinta	346,78

ANEXO III

Complemento específico dos membros da carreira xudicial, por responsabilidade e penosidade

	Contías mensuais en euros	
	Por responsabilidade	Por penosidade
Presidente da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo)	1.751,55	—
Presidente de sala da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo)	405,39	—
Presidente de sección da Audiencia Nacional	108,11	—
Maxistrados de sala do penal da Audiencia Nacional	—	509,32
Presidente de Tribunal Superior de Xustiza	312,32	—
Presidente de sala de Tribunal Superior de Xustiza	186,19	—
Presidente de Audiencia Provincial	232,80	—
Presidente de sección de Audiencia Provincial	91,05	—
Xuíces centrais de instrucción	144,15	653,47
Xuíces centrais do penal	144,15	653,47
Xuíces centrais de menores	144,15	653,47
Xuíces centrais de vixilancia penitenciaria	144,15	—
Xuíces centrais do contencioso-administrativo	144,15	—
Decanos designados conforme o artigo 166.1 da Lei orgánica do Poder Xudicial	252,26	—
Decanos designados consonte o artigo 166.3 da Lei orgánica do Poder Xudicial	252,26	276,04

ANEXO IV

Importe mensual de soldo dos membros da carreira fiscal

	Contía mensual en euros
Fiscal xefe de Tribunal Superior de Xustiza.	1.851,57
Fiscal	1.645,84
Avogado fiscal	1.440,11

ANEXO V.1

Grupos de poboación nos que se integran os membros da carreira fiscal

Localidade:

Grupo 1.

Madrid.

Barcelona.

Grupo 2.

Valencia.

Sevilla.

Zaragoza.

Málaga.

Murcia.

Palmas de Gran Canaria (Las).

Bilbao.

Palma de Mallorca.

Santa Cruz de Tenerife.

Grupo 3.

Valladolid.

Córdoba.

Vigo.

Alicante/Alacant.

Gijón.

Hospitalet de Llobregat (L').

Granada.

Coruña (A).

Vitoria-Gasteiz.

Badalona.

Oviedo.

Móstoles.

Elche/Elx.

Sabadell.

Santander.

Jerez de la Frontera.

Pamplona/Iruña.

Donostia-San Sebastián.

Cartagena.

Leganés.

Fuenlabrada.

Almería.

Terrasa.

Alcalá de Henares.

Burgos.

Salamanca.

Albacete.

Getafe.

Cádiz.

Alcorcón.

Huelva.

Logroño.

Cáceres.

Pontevedra.

Santiago de Compostela.

Castellón da Plana/Castelló.

Badajoz.

Grupo 4.

Resto de destinos correspondentes á segunda categoría de fiscais.

Grupo 5.

Resto de destinos correspondentes á terceira categoría de fiscais, excepto fiscais da Fiscalía Especial para a Prevención e Represión do Tráfico Ilegal de Drogas e fiscais da Fiscalía Especial para a Represión dos Delictos Económicos relacionados coa Corrupción.

ANEXO V.2

Complemento de destino dos membros da carreira fiscal

	Contías mensuais en euros	
	Polo grupo de poboación	Por representación
Grupo 1:		
Fiscais da Fiscalía ante o Tribunal Constitucional	2.452,69	1.369,41
Fiscais da Fiscalía do Tribunal Supremo	2.452,69	1.369,41
Fiscais da Fiscalía ante a Audiencia Nacional	2.452,69	1.302,14
Fiscal xefe de Tribunal Superior de Xustiza	2.452,69	1.302,14
Tenente fiscal de Tribunal Superior de Xustiza	2.452,69	1.302,14
Fiscais da Fiscalía ante o Tribunal de Contas	2.452,69	1.302,14
Fiscais da Fiscalía Xeral do Estado	2.452,69	1.302,14
Fiscais e avogados fiscais da Fiscalía Especial de Prevención e Represión de Tráfico Ilegal de Drogas	2.452,69	1.302,14
Fiscais e avogados fiscais da Fiscalía Especial de Represión de Delictos Económicos relacionados coa Corrupción	2.452,69	1.302,14
Resto de fiscais de segunda categoría, salvo coordinadores	2.452,69	720,98
Fiscais coordinadores	2.452,69	1.158,23
Grupo 2:		
Fiscal xefe de Tribunal Superior de Xustiza	2.402,47	1.302,14
Tenente fiscal de Tribunal Superior de Xustiza	2.094,96	1.302,14
Fiscais xefe e tenentes fiscais de Audiencia Provincial	2.094,96	1.249,29
Resto de fiscais segunda categoría, salvo coordinadores	2.094,96	720,98
Fiscais coordinadores	2.094,96	1.158,23
Grupo 3:		
Fiscal xefe de Tribunal Superior de Xustiza	2.354,42	1.302,14
Tenente fiscal de Tribunal Superior de Xustiza	1.982,04	1.302,14
Fiscais xefe e tenentes fiscais de Audiencia Provincial	1.982,04	1.249,29
Resto de fiscais segunda categoría, salvo coordinadores	1.982,04	720,98
Fiscais coordinadores	1.982,04	1.158,23
Grupo 4:		
Fiscais xefes e tenentes fiscais de Audiencia Provincial	1.741,31	1.249,29
Resto de destinos correspondentes á segunda categoría de fiscais, salvo coordinadores	1.741,31	720,98
Fiscais coordinadores	1.741,31	1.158,23
Grupo 5:		
Resto de destinos correspondentes á terceira categoría de fiscais	1.591,64	120,46

ANEXO V.3

Complemento de destino dos membros da carreira fiscal por circunstancias especiais

	Contías mensuais en euros por circunstancias especiais
Membros da carreira fiscal destinados no País Vasco e Navarra	451,67
Membros da carreira fiscal destinados en Gran Canaria e Tenerife	148,86
Membros da carreira fiscal destinados noutras illas do arquipélago canario	484,08
Membros da carreira fiscal destinados nas Illes Balears e Val de Arán	72,64
Membros da carreira fiscal destinados en Ceuta e Melilla	642,24

ANEXO V.4

Complemento de destino transitorio dos membros da carreira fiscal pola disposición transitoria cuarta

	Contías mensuais en euros
Membros da carreira fiscal incluídos na disposición transitoria cuarta, punto 1	541,01
Membros da carreira fiscal incluídos na disposición transitoria cuarta, punto 2	204,16

ANEXO V.5

Complemento de destino transitorio dos membros da carreira fiscal pola disposición transitoria quinta

	Contías mensuais en euros
Fiscais incluídos na disposición transitoria quinta	346,78

ANEXO VI

Complemento específico dos membros da carreira fiscal por responsabilidade e penosidade

	Contías mensuais en euros	
	Por responsabilidade	Por penosidade
Fiscal xefe de Tribunal Superior de Xustiza	312,32	—
Tenente fiscal de Tribunal Superior de Xustiza	186,19	—
Fiscal xefe de Audiencia Provincial	232,80	—
Tenente fiscal de Audiencia Provincial	91,05	—
Tenente fiscal ante a Audiencia Nacional	138,14	509,32
Fiscais da Audiencia Nacional	—	509,32
Tenente fiscal ante o Tribunal Constitucional	258,26	389,20
Tenente fiscal inspector da Fiscalía Xeral do Estado	138,14	293,10
Fiscais inspectores da Fiscalía Xeral do Estado	108,11	293,10
Fiscais da Secretaría Técnica da Fiscalía Xeral do Estado	91,05	293,10
Tenente fiscal da Fiscalía Especial de Prevención e Represión de Tráfico Ilegal de Drogas, Fiscais e avogados fiscais da Fiscalía Especial de Prevención e Represión de Tráfico Ilegal de Drogas	138,14	509,32
Tenente fiscal da Fiscalía Especial de Represión de Delictos Económicos relacionados coa Corrupción	—	509,32
Fiscais e avogados fiscais da Fiscalía Especial de Represión de Delictos Económicos relacionados coa Corrupción	138,14	509,32
Tenente fiscal ante o Tribunal de Contas	—	509,32
Fiscais ante o Tribunal de Contas	138,14	293,10
Fiscais coordinadores	—	293,10
Fiscais do Tribunal Supremo	91,05	—
Fiscais ante o Tribunal Constitucional	252,25	389,20
	252,25	389,20

10525 *CORRECCIÓN de erros da Lei 6/2003, do 27 de marzo, pola que se conceden varios créditos extraordinarios, por importe total de 64.283.447,91 euros, para atender obrigas de exercicios anteriores derivadas de gastos correntes en bens e servicios, gastos financeiros, transferencias correntes e investimentos reais do Ministerio do Interior. («BOE» 126, do 27-5-2003.)*

Advertido un erro na Lei 6/2003, do 27 de marzo, pola que se conceden varios créditos extraordinarios, por importe total de 64.283.447,91 euros, para atender obrigas de exercicios anteriores derivadas de gastos correntes en bens e servicios, gastos financeiros, transferencias correntes e investimentos reais do Ministerio do Interior, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 6 en lingua galega, do día 1 de abril de 2003, procédese a efectua-la oportuna rectificación:

Na páxina 962, segunda columna, no anexo, antes da liña «Artigo 39. Obrigas de exercicios anteriores», debe aparece-la seguinte rúbrica: «Programa 223.A: "Protección Civil"».

10614 *LEI ORGÁNICA 5/2003, do 27 de maio, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial; a Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria, e a Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial. («BOE» 127, do 28-5-2003.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria, configura os xuíces de vixilancia penitenciaria como os órganos xurisdiccionais ós que lles corresponde asegurar-lo cumprimento das penas e controla-las diversas situacións que se poden producir no cumprimento daquelas, así como das decisións que sobre a dita execución pode adopta-la Administración penitenciaria.

Esta atribución de competencias supuxo o sometemento pleno á revisión e ó control xurisdiccional do conxunto das actuacións que se poden dar no cumprimento das penas, co que se completa, en termos xurídicos, a totalidade das facetas que compoñen modernamente a política criminal, que quedan así baixo o control xurisdiccional.

Pola súa parte, a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, configura a Audiencia Nacional como un órgano con competencias específicas e a esencia do cal é o establecemento dun órgano que poida instruír e axuizar determinados asuntos que, polas súas especiais características de proxección territorial, complexidade na súa realización, organización concertada para aquela ou pola súa repercusión social, así o xustifiquen.

Coa creación deste tribunal e o funcionamento dos distintos órganos xudiciais que o integran conseguiu-se unha situación de maior eficacia e operatividade na represión dos delictos dos que se lles atribuíu a competencia.

Non obstante o anterior, a limitación das competencias do citado órgano xurisdiccional á instrución e axuizamento dos delictos e, en especial, a desconexión entre aquelas funcións xudiciais e as de execución das penas impostas pode estar a producir na actualidade unha disociación non desexada que menoscaba a eficacia xeral da política criminal.

Para aborda-la situación descrita faise preciso crea-los xulgados centrais de vixilancia penitenciaria co fin de conseguir unha unificación de criterios no marco do con-